

XIV Concurso de Postais de Natal



Nadal 2012

ILMO. CONCELLO
Grove



O Concello do Grove convoca ao alumnado de educación infantil e primaria a participar no 14º Concurso Concello do Grove de Postais do Nadal segundo as seguintes **BASES**

- 1.- Poderán participar todos os rapaces e rapazas de educación infantil e educación primaria.
- 2.- O tema para desenvolver será o do Nadal e a técnica totalmente libre.
- 3.- A presentación dos traballos terá como data límite o mércores 5 de decembro, nos centros escolares ou na Biblioteca Municipal do Grove, en horario de 9:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30 horas.
- 4.- Os debuxos deberán estar presentados nun folio DIN A4 e, a ser posible, totalmente debuxados.
- 5.- As obras deberán levar na parte posterior do folio o nome e apelidos do/da participante, así como o curso e o centro educativo onde está matriculado/a.
- 6.- Os debuxos participantes serán expostos na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey a partir do mércores 12 de decembro.
- 7.- Os debuxos non elixidos permanecerán na exposición ata o mércores 26 de decembro, e seranlles devoltos aos participantes que o soliciten na biblioteca.
- 8.- Os dereitos do debuxo escollido pasarán á organización, que poderá facer uso del, na promoción do Nadal na nosa vila, do xeito que estime oportuno.
- 9.- O premio para o debuxo gañador será un lote de libros, material escolar e a súa publicación en forma de **postal do Nadal dixital**, que utilizará o Concello do Grove para realizar as felicitacións oficiais do Nadal.
- 10.- O ditame do xurado darase a coñecer o sábado 15 de decembro.
- 11.- A participación neste concurso supón a aceptación da totalidade das presentes bases.
- 12.- A entrega de premios será o venres 21 de decembro, antes dunha sesión de títeres de Nadal, na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey.